



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

Desde o pasado venres, 5 de maio, está aberto o prazo de inscrición para participar na **II Edición do programa de aceleración para empresas Agrobiotech Innovación**. Este programa, promovido pola Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia en colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole), está dirixido ao **impulso e o crecemento sostible das pemes innovadoras galegas** en tres sectores estratéxicos como a **biotecnoloxía, a agroalimentación e a biomasa**.

Nesta edición de Agrobiotech Innovación seleccionaranse **10 empresas innovadoras** pertencentes aos sectores mencionados, que deberán ter **facturación en 2016 e sede ou centro de traballo en Galicia**. As empresas que resulten elixidas contarán cun equipo de **titores especialistas** no eido da innovación galega e do desenvolvemento de negocio, que se encargarán de definir as súas necesidades de aceleración deseñando, xunta a elas, un itinerario individualizado e específico, que lles achegará recursos e servizos nos seguintes ámbitos: **excelencia operativa, liderado de produto, comercialización e internacionalización ou captación de fondos públicos e privados**.

Estas actividades levaranse a cabo nas propias instalacións da empresa co obxecto de profundizar na **cultura e procesos da organización** e para que, unha vez rematado o proceso de titorización, constitúan o “modo de facer” da compañía.

Ademais, co obxectivo de proporcionar unha maior proxección, visibilización e apoio para as empresas dos sectores mencionados, programaranse unha serie de **actividades de carácter transversal**, entre as que destacan:

- **Talleres de capacitación** programados a petición das empresas sobre de temas de interese como: plans de negocio, recursos humanos, estratexia fiscal, protección propiedade industrial, modelos de

crecemento, comercialización internacional, etc. e que incluírán horas de asesoramento individual por expertos en cada ámbito.

- **Lonxa de investidores**, co obxectivo de captar financiamento para os proxectos innovadores.
- **II Encontro Agrobiotech Innovación**, congreso multisectorial que se celebrará no último cuatrimestre do ano.

O **prazo de inscrición** para participar neste programa, que forma parte da Rede Galega de Aceleradoras da innovación, estará **aberto ata o 5 de xuño** e podes consultar as bases da convocatoria e completar a solicitude no seguinte **enlace**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

